



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO: DELEGACIÓN DAS FUNCÍONS DA ALCALDÍA DURANTE O PERÍODO DO 21 AO 23 DE XANEIRO DE 2026 (AMBOS DÍAS INCLUÍDOS) NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE POR AUSENCIA.

Faise público o Decreto da Alcaldía núm. 27/2026, de data 15-01-2026, o cal se transcribe a continuación:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: DELEGACIÓN DAS FUNCÍONS DA ALCALDÍA POR AUSENCIA

EXPEDIENTE: 2026/G003/000031

Por ausentarme da Alcaldía dos días 21 ao 23 de xaneiro de 2026 (ambos días incluídos), de conformidade co disposto no artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no artigo 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e no artigo 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, en esta data ACORDO:

PRIMEIRO. Delegar as funcións da Alcaldía dos días 21 ao 23 de xaneiro de 2026 (ambos días incluídos) no 1º tenente de alcalde, D. Sergio Caamaño Fernández.

No suposto de producirse a vacante, ausencia ou enfermidade do anteriormente indicado, as referidas funcións pasarían automaticamente aos demais tenentes de alcalde, segundo a orde de nomeamento.

No suposto que a abaixo asinante alcaldesa se reincorporase ás súas funcións antes de ter transcorrido o período expresado no apartado núm. 1 da parte resolutiva deste Decreto, a presente delegación quedaría automaticamente revogada.

SEGUNDO. Que as resolucións administrativas que se adopten no exercicio desta delegación, se notifiquen ao interesado con indicación de dita circunstancia.

TERCEIRO. Notificar o presente Decreto ao interesado, procedéndose a súa publicación no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.”